



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CONVOCATORIA DA PRESTACIÓN SOCIAL PARA O APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE BOIMORTO

Extracto do Decreto de Alcaldía n.º 288/2021 de data 13/07/2021, polo que se convoca a axuda: “Prestación social municipal para o apoio á natalidade do Concello de Boimorto”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de axudas municipais de apoio á natalidade.

Primeiro.- Beneficiarios

Os pais/nais que estén empadroados en Boimorto que teñan ou adopten un fillo/a no período comprendido entre o 2 de decembro de 2020 e o 1 de decembro de 2021 que reúnan os requisitos recollidos nas bases.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do concello de Boimorto e por outro, deseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da presente subvención serán as que figuran na ordenanza específica municipal (Publicadas no BOP núm. 183 de data 26.09.2019, coas especialidades indicadas no presente extracto da convocatoria.

http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/09/26/2019_0000007629.html

As bases tamén poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Cuarto.- Cuantía

As axudas serán como máximo de 400 euros por cada fillo nacido ou adoptado no período indicado no apartado primeiro.

No caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo fillo/a axuda será como máximo de 500 euros.

No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida no grao igual ou superior ao 33% ou no caso de partos múltiples a contía da axuda poderá chegar a 700 euros.

Destinarase un importe de 4.000 €uros con cargo á aplicación presupostaria 231.48000

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ó que se produxo o nacemento ou adopción e finalizará o 1 de decembro de 2021.

Boimorto, 14 de xullo de 2021

A alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

